

XUSTIFICACIÓN

Este traballo responde ante todo á intención que temos os estudantes e profesores de linguas clásicas de asegurar o sitio, a xustificación e a necesidade destas materias, nun centro como o I.E.S. Porta da Auga, de dilatada tradición tecnolóxica. Con este traballo pretendemos demostrar que os nosos compañeiros das materias “de ciencias” nas súas clases falan en grego con acento latino, aínda que non o saiban.

O traballo non pretende ser exhaustivo, nin esgotar tódalas posibilidades, senón só presentar unha mostra da importancia que ten o coñecemento das linguas clásicas en calquera ámbito da vida escolar e, polo tanto, da vida en xeral.

Foi elaborado a partir de vocabularios proporcionados polos Departamentos de Automoción, Bioloxía, Educación Física, Electricidade, Física, Matemáticas, Plástica, Química, Sanitaria e Tecnoloxía; a todos eles queremos agradecerlles a colaboración e pedirllles que non dubiden en aproveita-lo noso traballo. De gran aproveitamento para todos pode ser completar e mellorar este traballo nos anos vindeiros, ata conseguir un dicionario propio e adaptado ó centro e ás súas propias necesidades e sinais de identidade.

Agradecemos especialmente ó Departamento de Lingua Galega o interese mostrado na corrección dun vocabulario tan complexo como este.

NORMAS DE USO

Este traballo está dividido en dúas partes:

- 1ª parte ou Glosario (pxs. 2-7)

Contén unha relación ordenada alfabeticamente e numerada de tódolos étimos que forman os termos obxecto de estudo. Tamén anotamos a lingua orixinaria e o seu significado. Non facemos ningunha referencia ós étimos que non aportan contido léxico; é dicir, non están rexistrados, por exemplo, sufixos de formación de adxectivos ou de formación de substantivos que non aportan máis que nocións como “axente, resultado da acción, relativo a...”, etc. Nunha palabra como “cinética” referímonos unicamente ó termo grego “kinesis”.

Débese ter en conta que os étimos indican conceptos máis ben xerais que concretos.

- 2ª parte ou Vocabulario (pxs. 7-23)

Contén tódolos termos estudados ordenados alfabeticamente, unha breve definición e os números que fan referencia ós étimos do Glosario. Cando a palabra ten moitas definicións, escollemos aquela que se axusta á materia do departamento polo que chegou ata nós.

Polo tanto, para manexalo débese comezar buscando o termo desexado no Vocabulario (2ª parte) , e despois, mediante a referencia numérica, consulta-lo Glosario (1ª parte).

Ana Alonso Enríquez

Cristina Antelo Villarino

Vanessa Fernández Fernández

Lucía Rilo Castelao

Ana Rubal Ron

Carmen Sampedro Miranda

Antonio Vegas González

(Alumnas e profesor de Grego de 2º de Bac. de Humanidades)

I.E.S. Porta da Auga – Ribadeo – Curso 1999-2000

GLOSARIO

- | | |
|--------------------------------------|--|
| 1. a-/an-: (gr.) sen, privado de. | 7. aer: (gr.) aire. |
| 2. ab: (lat.) desde, de, separación. | 8. agon: (gr.) loita, enfrontamento. |
| 3. ad-: (lat.) xunto a, ó lado de. | 9. aither: (gr.) éter. |
| 4. adamans: (lat.) diamante, aceiro. | 10. allelon: (gr.) un e outro. |
| 5. adeps: (lat.) graxa. | 11. alopex: (gr.) raposa. |
| 6. aequus: (lat.) igual, xusto. | 12. amfi: (gr.) ambos, polos dous lados. |

13. amneios: (gr.) vasilla.
14. ana-: (gr.) cara atrás, de novo.
15. ankon: (gr.) cóbado.
16. anti-: (gr. e lat.) fronte, cara a.
17. anulus: (lat.) anel.
18. arithmos: (gr.) número.
19. arkhe: (gr.) principio.
20. arthron: (gr.) articulación.
21. athlon: (gr.) loita, certame.
22. aulos: (gr.) tubo.
23. auris: (lat.) orella.
24. autos: (gr.) por si mesmo.
25. axis: (lat.) eixe.
26. bakterion: (gr.) bastón.
27. ballo: (gr.) lanzar, difundir.
28. basis: (gr.) base.
29. battuo: (lat.) bater, sacudir.
30. bios: (gr.) vida.
31. bis/bi-: (lat.) dous.
32. blastos: (gr.) xerme.
33. boutyron: (gr.) manteiga.
34. bradys: (gr.) lento.
35. bucca: (lat.) boca.
36. bullio: (lat.) burbullar.
37. buyîya: (ar.) nome de cidade africana.
38. cantus: (lat.) lado, esquina, borde.
39. cappa: (lat.) capa.
40. capsula: (lat.) cofre, caixa.
41. caput: (lat.) cabeza.
42. carbo: (lat.) carbón.
43. cavus: (lat.) oco.
44. cella: (lat.) oco, cela.
45. circum: (lat.) ó redor.
46. contra: (lat.) fronte a, contra.
47. corolla: (lat.) coroa.
48. cortex: (lat.) corteza.
49. crassus: (lat.) grosso, gordo.
50. crenae: (lat.) amozcaduras.
51. cum-: (lat.) con, conxuntamente.
52. de: (lat.) de, desde, privación.
53. deka: (gr.) dez.
54. demos: (gr.) pobo.
55. dendron: (gr.) árbore.
56. denseo: (lat.) espesar, poñer compacto.
57. derma: (gr.) pel.
58. dexter: (lat.) dereito.
59. di-/dis-: (lat.) división, separación, dobre.
60. dia-: (gr.) a través de, polo medio de.
61. digitus: (lat.) dedo.
62. dolikhos: (gr.) longo.
63. dsoon: (gr.) animal, ser vivo.
64. duco: (lat.) conducir, levar.
65. dynamis: (gr.) poder, capacidade.
66. eidos: (gr.) forma, aparencia.
67. eikon: (gr.) imaxe, representación.
68. ekhinos: (gr.) ourizo.
69. electron: (gr.) ámbar.
70. elementa: (lat.) principio, fundamento.
71. elleipsis: (gr.) falla, acción de pasar por alto.
72. enantios: (gr.) oposto, contrario.
73. endon: (gr.) dentro, no interior de.
74. enteron: (gr.) intestino.

75. epi: (gr.) sobre.
76. ergon: (gr.) obra, traballo.
77. eu-: (gr.) ben.
78. ex-/e-: (lat. e gr.) de, desde, fóra de.
79. facio: (lat.) facer.
80. fero: (gr. e lat.) levar, dirixir.
81. finis: (lat.) límite.
82. flecto: (lat.) curvar, dobrar.
83. fluo: (lat.) fluír, correr.
84. fossa: (lat.) excavación, foso.
85. frango: (lat.) romper.
86. fundo: (lat.) estender, desfacer.
87. galeo: (lat.) cubrir cun casco.
88. gamos: (gr.) matrimonio.
89. gaster: (gr.) ventre.
90. ge: (gr.) terra.
91. genos: (gr.) orixe.
92. giros: (gr.) movemento circular.
93. glia: (gr.) liga.
94. glotta: (gr.) lingua.
95. glykys: (gr.) doce.
96. gonía: (gr.) ángulo, rincón.
97. gradus: (lat.) paso, escalón, peldaño.
98. gramme: (gr.) traza, liña.
99. graphe: (gr.) escritura.
100. gymnos: (gr.) espido.
101. haima: (gr.) sangue.
102. haploos: (gr.) simple, único, sinxello.
103. harmonía: (gr.) axuste, orde, xusta proporción.
104. hedra: (gr.) base, cara.
105. héteros: (gr.) outro, distinto.
106. hiemi: (gr.) enviar.
107. hodos: (gr.) camiño.
108. holos: (gr.) todo, enteiro.
109. homos: (gr.) semellante, común, igual.
110. horidso: (gr.) limitar, separar.
111. hybris: (gr.) insolencia, aldraxe.
112. hydor: (gr.) auga.
113. hyper-: (gr.) por enriba de, exceso.
114. hypo-: (gr.) debaixo.
115. in-: (lat.) en, dentro.
116. in: (lat.) negación.
117. iners: (lat.) incapaz, impotente.
118. insula: (lat.) illa.
119. ion: (gr.) que vai.
120. isos: (gr.) igual.
121. iungo: (lat.) unir, xuntar.
122. kainos: (gr.) novo.
123. kardia: (gr.) corazón.
124. karyon: (gr.) noz.
125. kata-: (gr.) cara abaixo, contra.
126. kenteo: (gr.) aguillar.
127. kephale: (gr.) cabeza.
128. khalkos: (gr.) bronce, cobre.
129. khaos: (gr.) desorde.
130. khloros: (gr.) verde.
131. khondros: (gr.) cartilaxe.
132. khroma: (gr.) cor.
133. khymeia: (gr.) pedra filosofal.
134. kinesis: (gr.) movemento.
135. klao: (gr.) romper, quebrar.
136. klino: (gr.) inclinar, apoiar.
137. koilon: (gr.) cóncavo.

- 138.koinon: (gr.) común.
- 139.konos: (gr.) cono, piña.
- 140.kopros: (gr.) excremento.
- 141.kotyledon: (gr.) cavidade dun recipiente.
- 142.krino: (gr.) separar, segregar.
- 143.krios: (gr.) frío.
- 144.kronos: (gr.) tempo.
- 145.kryos: (gr.) xeo, frío glacial.
- 146.kyanos: (gr.) azul.
- 147.kyfos: (gr.) encorvado.
- 148.kylio: (gr.) rodar.
- 149.kytos: (gr.) cavidade, célula.
- 150.laevus: (lat.) esquerdo.
- 151.lampás: (gr.) lámpada..
- 152.latum: (lat.) levado, extenso.
- 153.lego: (gr.) dicir, expresar.
- 154.leptos: (gr.) delgado, feble.
- 155.leukos: (gr.) branco.
- 156.leukos: (gr.) branco.
- 157.levo: (lat.) elevar.
- 158.libra: (lat.) medida de peso.
- 159.liquis: (lat.) torto, inclinado.
- 160.lithos: (gr.) pedra.
- 161.lithos: (gr.) pedra.
- 162.lixivía: (lat.) lixivía.
- 163.logos: (gr.) razón.
- 164.luctor: (lat.) loitar.
- 165.lux: (lat.) luz.
- 166.lyo: (gr.) desmembrar, descompoñer.
- 167.magnesia: (gr.) Magnesia (nome de cidade).
- 168.malleus: (lat.) martelo.
- 169.manus/manualis: (lat.) mano.(fr. manivelle).
- 170.Marathon: (gr.) nome de lugar.
- 171.mathema: (gr.) coñecemento.
- 172.mekhane: (gr.) máquina.
- 173.meros: (gr.) parte.
- 174.mesos: (gr.) no medio de.
- 175.meta-: (gr.) cambio, despois.
- 176.methy: (gr.) viño, bafos da fermentación.
- 177.metron: (gr.) medida.
- 178.mikros: (gr.) pequeno.
- 179.misceo: (lat.) misturar.
- 180.mitos: (gr.) fío, urdime.
- 181.moles: (lat.) masa considerable.
- 182.mono-: (gr.) un, único.
- 183.morphe: (gr.) forma.
- 184.mors: (lat.) morte.
- 185.moveo: (lat.) mover, desprazar.
- 186.muto: (lat.) trocar, cambiar.
- 187.mykes: (gr.) fungo.
- 188.myrioi: (gr.) innumerables.
- 189.mys: (gr.) músculo.
- 190.neuron: (gr.) nervio.
- 191.neuter: (lat.) nin un, nin outro.
- 192.nomos: (gr.) termo, norma, lei.
- 193.nosos: (gr.) enfermidade.
- 194.numerus: (lat.) número, parte dun todo.
- 195.nux: (lat.) noz.
- 196.odso: (gr.) dar cheiro.
- 197.oikos: (gr.) casa.
- 198.oistos: (gr.) pasión.
- 199.oleum: (lat.) aceite.

200.onkos: (gr.) tumor.	233.phyton: (gr.) vexetal.
201.ontos: (gr.) ser.	234.pila: (lat.) pelota.
202.opsis: (gr.) vista, mirada.	235.pion: (gr.) graxa.
203.orexis: (gr.) desexo.	236.pipto: (gr.) caer.
204.oros: (gr.) monte.	237.planktos: (gr.) errante.
205.osmos: (gr.) empuxe, impulso.	238.plasso: (gr.) modelar, formar.
206.osteon: (gr.) oso.	239.plaudo: (lat.) golpear, bater con forza.
207.ouron: (gr.) orina.	240.plinthos: (gr.) ladrillo.
208.ovus: (lat.) ovo.	241.pneuma: (gr.) aire, soplo.
209.oxys: (gr.) penetrante, sutil, rápido, agudo.	242.polleo: (lat.) ter poder, forza vigor.
210.palaios: (gr.) antigo.	243.polos: (gr.) eixo.
211.pan: (gr.) todo.	244.polys: (gr.) moito.
212.para: (gr.) ó lado de.	245.pono: (lat.) poñer .
213.para-: (gr.) xunto a, ó lado de.	246.porca: (lat.) a terra levantada entre dous sulcos.
214.pario: (lat.) parir.	247.potens: (lat.) que pode, que ten poder.
215.parthenos: (gr.) virxe, ceibe.	248.pous: (gr.) pé.
216.pedon: (gr.) chan.	249.prae-: (lat.) diante de.
217.pello: (lat.) empuxar.	250.premo: (lat.) apertar, oprimir.
218.pendo: (lat.) colgar, suspender.	251.pro-: (gr.) diante, en defensa de.
219.penta: (gr.) cinco.	252.pronus: (lat.) inclinado cara adiante.
220.peri-: (gr.) ó redor de.	253.protos: (gr.) primeiro.
221.pes: (lat.) pé.	254.pyknos: (gr.) espeso, sólido.
222.phago: (gr.) comer.	255.pyr: (gr.) fogo.
223.phaino: (gr.) aparecer, mostrarse.	256.pyramis: (gr.) pirámide.
224.phalanx: (gr.) rolo, estaca.	257.quattuor: (lat.) catro.
225.Pharos: (gr.) ínsula de Alexandría.	258.radius: (lat.) compás, raio.
226.philaxis: (gr.) protección.	259.radix: (lat.) raíz.
227.phobos: (gr.) medo, rexeitamento.	260.re-: (lat.) insistencia, repetición.
228.phos: (gr.) luz.	261.rego: (lat.) dirixir, trazar.
229.phykos: (gr.) alga.	262.relais: (fr.) relevo.
230.phyllon: (gr.) folla.	
231.phylon: (gr.) raza.	
232.physis: (gr.) natureza.	

- 263.renes: (lat.) riles.
- 264.rivus: (lat.) río.
- 265.rodon: (gr.) rosa.
- 266.sagitta: (lat.) frecha.
- 267.sarkara: (sánscrito) azucre de bambú.
- 268.scientia: (lat.) coñecemento.
- 269.seco: (lat.) cortar.
- 270.seiren: (gr.) serea.
- 271.servo: (lat.) manter, defender.
- 272.sifr: (ar.) cero.
- 273.sinus: (lat.) curva.
- 274.sitos: (gr.) trigo, alimento.
- 275.skolios: (gr.) desviado.
- 276.skopeo: (gr.) examinar, ver.
- 277.solidus: (lat.) compacto, consistente.
- 278.solvo: (lat.) desatar, descompoñer.
- 279.soma: (gr.) corpo.
- 280.sorbeo: (lat.) tragar , sorber.
- 281.sphaira: (gr.) esfera.
- 282.stasis. (gr.) estabilidade, situación.
- 283.stello: (gr.) enviar, conducir.
- 284.stereos: (gr.) sólido.
- 285.sthenos: (gr.) forza.
- 286.sthetos: (gr.) peito.
- 287.sub-: (lat.) por abaixo.
- 288.syn-: (gr.) con, conxuntamente.
- 289.synthesis: (gr.) síntese.
- 290.systema: (gr.) conxunto.
- 291.takhys: (gr.) rápido, veloz.
- 292.tango: (lat.) tocar
- 293.teino: (gr.) tender, dirixir.
- 294.telus: (lat.) terra.
- 295.teratos: (gr.) monstro.
- 296.tettara: (gr.) catro.
- 297.theoreo: (gr.) examinar, observar.
- 298.thermo: (gr.) quentar.
- 299.thesis: (gr.) colocación.
- 300.thorax: (gr.) coraza.
- 301.thrombos: (gr.) coágulo.
- 302.tomos: (gr.) corte, parte.
- 303.topos. (gr.) lugar.
- 304.trans-. (lat) mais alá.
- 305.trapedsa: (gr.) mesa.
- 306.treis: (gr.) tres.
- 307.trepho: (gr.) alimentarse.
- 308.tribuo: (lat.) repartir, dar.
- 309.tropos: (gr.) dirección.
- 310.tympanon: (gr.) tambor.
- 311.typos: (gr.) modelo, tipo, golpe, molde.
- 312.uro: (lat.) queimar.
- 313.valeo: (lat) valer.
- 314.valva: (lat.) porta.
- 315.vapor: (lat.) vapor.
- 316.veho: (lat.) atraer, arrastrar.
- 317.vertex: (lat.) cabeza, vértice.
- 318.vivus: (lat.) vivo.
- 319.yebr: (ar.) redución.
- 320.zéit: (ar.) zume da oliva.

VOCABULARIO

- ABDUCCIÓN: “ Movemento de afastamento dun membro do plano medio”. 2, 64.
- ABIÓTICO: “ Calquera dos factores sen vida que forman o medio ambiente”. 1, 30.
- ABIOXÉNESE: “ Xeración espontánea”. 1, 30, 91.
- ABSORCIÓN: “ Penetración dunha substancia noutra”. 2, 280.
- ACEITE: “ Líquido graxo”. 320.
- ADIPOCITO: “ Célula que acumula graxa”. 5, 149.
- ADRENALINA: “ Hormona das glándulas suprarrenais”. 3, 263.
- ADSORCIÓN: “ Absorción dun gas ou dun líquido pola parte superficial dun corpo sólido”. 3, 280.
- ADUCCIÓN: “ Movemento de aproximación dun membro ó eixo do corpo”. 3, 64.
- AEROBIO: “ Que necesita aire para vivir”. 7, 30.
- AERÓGRAFO: “ Instrumento de deseño gráfico”. 7, 99.
- AFINIDADE: “ Tendencia que teñen os átomos de combinarse entre si”. 3, 81.
- ALOPECIA. “ Caída do pelo”. 11.
- ÁLXEBRA: “ Parte das matemáticas que estudia as cantidades”. 319.
- AMNIOCENTESE: “ Toma dunha mostra de líquido amniótico”. 13, 126.
- AMORTECER: “ Compensar ou diminuír o efecto dos choques”. 184, 79.
- ANABOLISMO: “ Conxunto dos fenómenos de síntese orgánica”. 14, 27.
- ANAFILAXIA: “ Dificultade dalgúns organismos para recibir certos medicamentos ou alimentos”. 14, 226.
- ANÁLISE: “ Exame dunha cousa”. 14, 166.
- ANALOXÍA: “ Razón de semellanza entre cousas distintas”. 14, 163.

- ANATOMÍA: “ Estudio da estrutura dos seres vivos”. 14, 302.
- ANÉLIDO: “ Dise dos animais invertebrados que teñen o corpo dividido en aneis”. 17. 17, 66.
- ANFIBIO: “ Ser que vive na auga e na terra indistintamente”. 12, 30.
- ÁNGULO: “ Parte do plano limitado por dúas semirectas secantes”. 15.
- ANOREXIA: “ Falta anormal de ganas de comer”. 1, 203.
- ANQUILOSE: “ Perda parcial ou total dos movementos dunha articulación”. 15.
- ANTAGONISTA: “ Contrario, opoñente, rival”. 16, 8.
- ANTICLINAL: “ Pregamento que se forma nos estratos das rocas sedimentarias”. 16, 136.
- ANTIPIRÉTICO: “ Calquera axente que mitiga a febre”. 16, 255.
- APNEA: “ Suspensión momentánea da respiración”. 1, 241.
- APOLAR: “ Que non ten polos eléctricos”. 1, 243.
- ARITMÉTICA: “ Parte das matemáticas que trata das propiedades dos números”. 18.
- ARQUEOBACTERIA: “ Subreino das bacterias que conteñen metanóxenos”. 19, 26.
- ARTRÓPODO: “ Animal invertebrado provisto de apéndices articulados”. 20, 248.
- ASÍNTOTA: “ Recta que se aproxima a unha curva pero sen que chegue a tocala”. 1, 288, 236.
- ASTENOSFERA: “ Zona de tensión nula entre a litosfera e a parte externa do núcleo terrestre”. 1, 285, 281.
- ATLETA: “ Que practica o atletismo”. 21.
- ÁTOMO: “ Mínima cantidade dun elemento químico”. 1, 302.
- AURÍCULA: “ Cavidade do corazón”. 23.
- AUTÓTROFO: “ Que se alimenta por si mesmo”. 24, 307.
- AXIAL. “ Relativo ó eixe”. 25.
- BACTERIÓFAGO: “ Virus parásito dunha bacteria”. 26, 222.

- BASIDIOMICETOS: " Filo de fungos con reprodución por medio de basidios". 28, 187.
- BATERÍA: " Conxunto de pezas que xeran corrente eléctrica". 29.
- BIELA : " Peza que enlaza outras suxeitas a un movemento rotatorio ou rectilíneo converténdoo noutro". 169.
- BIFÁSICO: " Sistema de dúas correntes eléctricas alternas iguais". 31, 223.
- BINOMIO. " Expresión alxebraica de dous termos". 31, 192.
- BIOCENOSE: " Asociacións de seres vivos que viven en equilibrio no mesmo medio". 30, 138.
- BIODEGRADABLE: " Que pode descompoñerse pola acción dos axentes biolóxicos". 30, 52, 97.
- BIOELEMENTO: " Elementos químicos indispensables para o desenvolvemento dalgunha especie". 30, 70.
- BIOPSIA: " Exame dun anaco de tecido tomado de ser vivo". 30, 202.
- BIOQUÍMICA: " Estudio dos fenómenos químicos no ser vivo". 30, 133.
- BIÓTOPO: " Medio biolóxico de condicións estables". 30, 303.
- BÍPEDO: " De dous pés". 31, 221.
- BRADICARDIA: " Retardamento das contraccións cardíacas". 34, 123.
- BUCINA: " Instrumento que produce son". 35.
- BUTANO: " Hidrocarburo incoloro, inflamable, que se emprega como combustible". 33.
- BUXÍA: " Dispositivo que provoca unha chispa que incendia a mestura explosiva. Tamen, candeia de cera". 37.
- CADRADO: " Polígono de catro lados e ángulos iguais". 257.
- CALCOGRAFÍA: " Arte de gravado sobre pranchas de metal". 128, 99.
- CARBURADOR: " Dispositivo que mestura o aire e o combustible nos motores". 42.
- CARIOTIPO: " Número e estrutura dos cromosomas no núcleo dunha célula". 124, 311.

- CATABOLISMO: “Conxunto de reaccións que dan lugar a unha liberación de enerxía”. 125, 27.
- CATÁLISE: “Proceso de cambio de velocidade das reaccións químicas”. 125, 166.
- CATETO: “Cada un dos lados que forman o ángulo recto dun triángulo rectángulo”. 125, 106.
- CEFALÓPODO: “Moluscos en forma de saco cunha abertura pola que sae a cabeza”. 127, 248.
- CEFALOTÓRAX: “Unión da cabeza e o tórax dalgúns animais, quedando conectado ó abdome”. 127, 300.
- CELENTÉREOS: “Animais que teñen unha soa cavidade, chamada dixestiva”. 137, 74.
- CELOMA: “Cavidade que se forma na mesoderme”. 137.
- CENOZOICO: “Era terciaria da historia da terra”. 122, 63.
- CHASIS: “Armazón que sostén a carrocería do coche”. 40.
- CIANOBACTERIA: “Filo de bacterias fotosintéticas clasificadas inicialmente como algas”. 146, 26.
- CIENCIA: “Conxunto organizado de coñecementos, con método propio,...”. 268.
- CIFOSE: “Xiba”. 147.
- CIFRA: “Cada un dos signos gráficos que representa un número.” 272.
- CILINDRO: “Peza na que se move o pistón do automóbil.” 148.
- CINEMÁTICA: “Parte da mecánica relativa ó movemento”. 134.
- CINÉTICA: “Relativo ó movemento”. 134.
- CÍRCULO: “Superficie limitada por unha circunferencia”. 45.
- CIRCUNDUCCIÓN: “Efecto de rodear”. 45, 64.
- CIRCUNFERENCIA: “Curva cerrada ou plana, con puntos equidistantes do centro”. 45, 80.
- CITOLOXÍA: “Estudio dunha célula”. 149, 163.
- CITOPLASMA: “Constituínte fundamental da célula”. 149, 238.

- CLOROFÍCEAS: “ Algas verdes”. 130, 229.
- CLOROFILA: “ Pigmento dos organismos fotosintéticos”. 130, 230.
- CLOROFLUOROCARBONADOS: “ Composto químico”. 130, 83, 42.
- COEFICIENTE: “ Número multiplicador que acompaña a unha cantidade”. 51, 78, 79.
- COMBUSTIÓN. “ Acción de queimarse un corpo”. 51, 312.
- COMPRESIÓN: “ Acción o efecto de diminuí-lo volume de algo apertándoo”. 51, 250.
- CÓNCAVO: “ Que ten a superficie máis deprimida no centro que polas beiras.” 51, 43.
- CONCÉNTRICO: “ Figuras que teñen o mesmo centro”. 51, 126.
- CONDENSACIÓN: “ Acción de converter en líquido unha substancia gasosa”. 51, 56.
- CONDENSADOR: “ Aparato para acumular electricidade”. 51, 56.
- CONDROBLASTO: “ Célula productora de cartílaxe”. 131, 32.
- CONDROCITO: “Célula que forma a matriz do cartilaxe”. 131, 149.
- CONDUCTO: “ Tubo ou canle por onde circula un fluído”. 51, 64.
- CÓNICA: “ Liña curva aberta ou pechada”. 139.
- CONMUTADOR: “ Peza para que unha corrente cambie de conductor”. 51, 186.
- CONSERVACIÓN: “ Mantenemento dunha cousa para que non perda as súas características”. 51, 271.
- CONTACTO: “ Relación entre cousas que se tocan”. 51, 292.
- CONVECCIÓN: “ Movemento dun líquido ou gas por unha variación de temperatura”. 51, 316.
- CONVEXO: “ Que ten unha redondez esférica en relevo”. 51, 316.
- COPROFAGIA: “ Inxestión de feces como medio de obter nutrientes”. 140, 222.
- COROLARIO: “ Consecuencia evidente dun teorema”. 47.
- CORTIZA: “ Parte exterior do átomo”. 48.

- COSECANTE: " Secante do complemento dun ángulo ou un arco." 51, 269.
- COSENO: " Razón entre o cateto contiguo ó ángulo e a hipotenusa". 51, 273.
- COTANXENTE: " Tanxente do complemento dun ángulo ou dun arco". 51, 292.
- CONTRAPESO: " Peso exercido en contra doutro". 46, 250.
- COVALENCIA: " Compartición de electróns". 51, 313.
- CRIOBIOLOXÍA: " Estudio dos efectos das temperaturas moi baixas sobre os seres vivos". 145, 30, 163.
- CRIXÉNICO: " Que necesita do frío para formarse". 143, 91.
- CRISTAL: " Corpo formado por solidificación, limitado por superficies e planos simétricos". 143,
- CROMATOGRFÍA: " Técnica para analizar ou separar mezclas". 132, 99.
- DECANTAR:" Trasvasar un líquido para separalo do sedimento". 52, 38.
- DECÁPODO: " Animal de dez patas, coma o cangrexo". 53, 248.
- DECATLÓN: " Competición na que se participa en dez probas distintas". 53, 21.
- DENDROCRONOLOXÍA: " Datación que se fundamenta no crecemento anular das árbores". 55, 144, 163.
- DERIVADA: " Límite entre o incremento da función e o da variable, cando este tende a cero". 52, 264.
- DEXTRÓXIRO: " Que xira á dereita". 58, 92.
- DIAGONAL: " Liña recta que une dous vértices de dous ángulos non contiguos". 60, 96.
- DIÁMETRO: "Liña recta que pasa polo centro do círculo" 60, 177.
- DIARTROSE: " Articulación con grande extensión de movementos". 59, 20.
- DIÁSTOLE: " Movemento de dilatación do corazón cando o sangue penetra na súa cavidade". 60, 283.
- DICROÍSMO: " Propiedade dalgúns cristais de orixinar cores diferentes". 59, 132.

- DIELÉCTRICO: “ Mal conductor da electricidade”. 59, 69.
- DIFERENCIAL: “ Dispositivo que permite a rotación independente das dúas rodas de tracción”. 59, 80.
- DILATACIÓN: “ Aumento do volume dun corpo por separación das súas moléculas”. 59, 152,
- DIMORFISMO: “ Existencia de dúas formas diferentes de individuos dentro dunha especie”. 59, 183.
- DINÁMICA: “ Estudio do movemento e as súas causas”. 65.
- DINAMO: “ Máquina que transforma a enerxía mecánica en eléctrica”. 65.
- DIODO: “ Aparello que permite o paso da corrente eléctrica nun só sentido”. 59, 107.
- DISACÁRIDO: “ Azucre da unión de dúas moléculas de monosacárido”. 59, 267.
- DISLEXIA: “ Deterioro da capacidade para ler”. 59, 153.
- DISNEA: “ Dificultade para respirar”. 59, 241.
- DISOLUCIÓN: “ Conxunto do corpo disolvente e o disolto”. 59, 278.
- DISTRIBUCIÓN: “ Accionamento polo motor de certos órganos auxiliares”. 59, 308.
- DISXUNTOR: “ Aparato para abrir o paso da corrente eléctrica dende a dinamo á batería”. 59, 121.
- DIURESE: “ Secreción abundante de orina”. 60, 207.
- DÍXITO: “ Aplícase ó número natural menor de dez”. 61.
- DOLICOCÉFALO: “ Persoa que ten cráneo de figura moi oval”. 61, 127.
- DÚCTIL: “ Metal do que se poden facer fíos”. 64.
- EBULICIÓN: “ Acto de ferver”. 78, 36.
- ECOLOXÍA: “ Estudio das relacións existentes entre os organismos e o medio”. 197, 163.
- ECOSISTEMA: “ Comunidade de seres vivos “. 197, 290.
- ECUACIÓN: “ Igualdade con algunha incógnita”. 6.
- EIXE: “ Variña que atravesa un corpo xiratorio”. 25.

- ELECTRICIDADE: “ Forma de enerxía”. 69.
- ELECTROMAGNÉTICO: “ Fenómeno no que interveñen accións eléctricas e magnéticas ”. 69, 167.
- ELECTRÓN: “ Compoñente do átomo que contén a mínima carga posible de electricidade negativa”. 69.
- ELIPSE: “ Curva pechada resultado do corte dun cono por un plano oblicuo”. 71.
- ENANTIÓMEROS: “ Dos corpos tal que un é a imaxe especular doutro”. 72, 173.
- ENDEMIA: “ Calquera enfermidade habitual dun país ou comarca”. 115, 54.
- ENDOCITOSE: “ Proceso dalgúns materiais que entran na célula sen atravesala membrana celular”. 73, 149.
- ENDOCRINO: “ Relativo as glándulas de secreción interna”. 73, 142.
- ENDOGAMIA: “ Matrimonio entre persoas dunha mesma entidade social ou étnica”. 73, 88.
- ENDOTÉRMICA: “ Dise da reacción química na que hai absorción de calor”. 73, 298.
- ENERXÍA: “ Capacidade dos corpos para producir traballo”. 115, 76.
- ENGRANAR. “ Encaixar os dentes dunha roda”. 115, 50.
- ENGRAXAR: “ Untar con aceites para disminuir o rozamento”. 115, 49.
- ENTROPÍA: “ Parte da enerxía que non pode converterse en traballo”. 116, 309.
- EPIDEMIA: “ Enfermidade que aflixe a un pobo ou comarca, por algunha tempada”. 75, 54.
- EPIGLOTE: “ Lámina que abre a glote no acto de falar”. 75, 94.
- EQUILIBRIO: “ Estado de repouso dun corpo no que as forzas que actúan contra el se contrarrestan”. 6, 158.
- EQUINODERMOS: “ Animais metazoos mariños”. 68, 57.
- ESCAPE: “ Saída dos gases queimados”. 78, 39.
- ESCOLIOSE: “ Desviación da columna vertebral”. 275.

- ESTATÍSTICA: " Ciencia que estudia os feitos que se prestan a unha avaliación numérica". 282.
- ESTEREOISOMERÍA: " Estudia a existencia de dous ou máis compostos iguais en moléculas". 284, 120, 173.
- ESTETOSCOPIO: " Aparato médico para auscultar". 286, 276.
- ESTRÓXENO: " Hormona sexual feminina". 198, 91.
- ETANO: " Hidrocarburo formado por dous átomos de carbono e seis de hidróxeno". 9.
- ÉTER: " Líquido volátil e inflamable". 9
- EUCARIOTA: " Célula con núcleo verdadeiro". 77, 124.
- EVAPORACIÓN: " Acción de converter un líquido en vapor". 78, 315.
- EXOCRINAS: " Glándula que ten conducto excretor". 78, 142.
- EXOTÉRMICA: " Dise da reacción química na que se produce calor". 78, 298.
- EXPLOSIÓN: " Dilatación repentina dun gas". 78, 239.
- EXPOÑENTE: " Número ou expresión alxebrica de elevación nunha potencia". 78, 245.
- FAGOCITO: " Célula que elimina as bacterias e corpos nocivos e inútiles". 222, 149.
- FARO: " Aparato que indica a posición do vehículo". 225.
- FENOTIPO: " Conxunto dos caracteres hereditarios que posúe cada individuo". 223, 311.
- FILOXENIA: " Historia da evolución dun grupo de organismos". 231, 91.
- FÍSICA: " Estudio das propiedades da materia e da enerxía". 232.
- FITOPLANCTON: " Parte do plancton constituída por organismos vexetais". 233, 237.
- FLEXIÓN: " Acción ou efecto de dobrar ou dobrarse". 82.
- FLUORESCENCIA: " Propiedade relacionada coa luminosidade". 83.
- FLUXO. " Cantidade de enerxía ou materia que atravesa certa superficie". 83.

- FORMA: “ Aspecto exterior dos corpos”. 183.
- FÓSIL: “ Substancia de orixe orgánica, petrificada, que se atopa nas capas da cortiza terrestre”. 84.
- FOTOCÉLULA: “ Célula que se excita coa luz”. 228, 44.
- FOTOGRAFÍA: “ Procedemento de reprodución de imaxes”. 228, 99.
- FOTÓLISE: “ Descomposición dunha molécula como resultado da absorción de radiación”. 228, 166.
- FOTOSÍNTESE: “ Combinación química dos vexetais pola acción da luz”. 228, 288, 299.
- FOTOTROPISMO: “ Crecemento dos vexetais en resposta á luz”. 228, 309.
- FRACCIÓN: “ División dunha cousa en partes”. 85.
- FUSIBLE: “ Que se pode fundir para interromper unha corrente excesiva”. 86.
- FUSIÓN: “ Acción de converter un sólido en líquido”. 86.
- GALESCENCIA: “ Soldadura, unión de partes separadas”. 87.
- GAS: “ Estado da materia”. 129.
- GASOLINA: “ Produto da destilación do petróleo”. 129, 199.
- GASTERÓPODOS: “ Moluscos cun pé carnoso no ventre”. 89, 248.
- GLICOSA. “ Azucre”. 95.
- GLICOXENÓLISE: “ Conversión de glicóxeno en glicosa no fígado”. 95, 91, 166.
- GRAO: “ Cada unha das partes iguais dunha escala”. 97.
- HAPLONTE. “ Organismo que está na fase haploide do seu ciclo vital”. 102.
- HARMONÍA: “ Relación entre as distintas partes dun todo pola que resulta grato ós sentidos”. 103.
- HEMODIÁLISE: “ Proceso para elimina-los produtos de desfeito do sangue”. 101, 60, 166.
- HETERÓTROFO: “ Que non pode produci-los seus propios alimentos”. 105, 307.
- HETEROXÉNEO: “ Composto de partes de distinta natureza”. 105, 91.

- HÍBRIDO: " O procreado por dous individuos de distinta clase". 111.
- HIDRÁULICO: " Que se move por medio da auga". 112, 22.
- HIDRÓFOBIO: " Que non ten afinidade pola auga". 112, 227.
- HIPÉRBOL: " Curva na que o plano excede en inclinación á da superficie do cono cortado por el". 113, 27.
- HIPERTROFIA: " Desenvolvemento anormal esaxerado dun órgano". 113, 307.
- HIPOCENTRO. " Punto da terra onde se orixina un terremoto". 114, 126.
- HIPOTENUSA: " Lado dun triángulo rectángulo oposto ó ángulo recto". 114, 293.
- HIPOTERMIA. " Temperatura corporal inferior á normal". 114, 298.
- HIPÓTESE: " Suposición pola cal se tira unha consecuencia". 114, 299.
- HOLOGRAFÍA: " Técnica baseada na fotografía". 108, 99.
- HOMOXÉNEO: " Composto de partes da mesma natureza". 109, 91.
- HORIZONTAL: " Paralelo ó horizonte". 110.
- ICONOGRAFÍA: " Estudio das imaxes". 67, 99.
- IMÁN:" Corpo capaz de xerar campos magnéticos". 4.
- INDUCIR: " Producir un corpo electrizado fenómenos electromagnéticos noutro". 115, 64.
- INERCIA: " Resistencia dos corpos fronte ás modificacións do seu estado". 117.
- INFLEXIÓN: " Acción e resultado de dobrarse, curvarse ou inclinarse". 115, 82.
- INSULINA: " Hormona pancreática (dos islotes do páncreas)". 118.
- INTEGRAL: " Resultado de integrar unha expresión diferencial". 116, 292.
- IÓN: " Átomo ou grupo de átomos que teñen carga eléctrica negativa ou positiva". 119.
- ISOMERÍA: " Propiedade que diferencia corpos de igual composición". 120, 173.
- ISOMÉTRICO: " Da mesma medida". 120, 177.
- ISOTÉRMICA: " Que ten a mesma temperatura". 120, 298.

- ISÓTOPO: “ Átomos do mesmo número atómico, pero distinto número de masa”. 120, 303.
- LÁMPADA: “ Utensilio que fai de soporte de luz artificial”. 151.
- LEPTOSÓMICO: “ De complexión feble”. 154, 279.
- LEUCOCITO: “ Glóbulo branco do sangue”. 155, 149.
- LEVA: “ Peza que xira ó redor dun punto que non é o seu centro”. 157.
- LEVÓXIRO: “ Que xira á esquerda”. 150, 92.
- LITOGRAFÍA: “ Técnica para obter gravados nunha prancha de pedra”. 160, 99.
- LITOSFERA: “ Parte sólida da terra, cortiza”. 161, 281.
- LIXIVIA: “ Solución alcalina para lavar ”. 162.
- LIXIVIAR: “ Tratar unha sustancia para obter dela a parte soluble”. 162.
- LOGARITMO: “ Expoñente ó que é necesario elevar unha cantidade positiva para que resulte un número determinado”. 163, 18.
- LUX: “ Unidade de intensidade luminosa”. 165.
- LUXÓMETRO: “ Aparato para medir a intensidade da luz”. 165, 177.
- LUZ: “ Enerxía radiante”. 165.
- MALEABLE: “ Que pode ser estirado en láminas”. 168.
- MARATHÓN: “ Carreira de 42,195 quilómetros”. 170.
- MATEMATICAS: “ Estudio das propiedades dos números, conxuntos, operacións, figuras, etc.”. 171.
- MECÁNICA: “ Estudio do movemento dos corpos, as causas e as condicións”. 172.
- MESOZOICO: “ Era secundaria da historia da terra, que sucede ó paleozoico”. 174, 63.
- MESTURA: “ Unión de substancias diferentes”. 179.
- METAMORFOSE: “ Cambio de forma”. 175, 183.
- METANO: “ Hidrocarburo saturado que se inflama a elevada temperatura”. 176.
- METÁSTASE: “ Reproducción dunha enfermidade ou tumor en focos distintos dos primitivos”. 175, 299.

- MICOSE: “ Enfermidade causada polos fungos”. 187.
- MICROCLIMA: “ Variación particular do clima nunha rexión ou comarca”. 178, 136.
- MIOCARDIO: “ Tecido muscular do corazón”. 189, 123.
- MIRIÁPODOS: “ Artrópodos terrestres como o cempés”. 188, 248.
- MITOSIS: “ Modalidade da división da célula”. 180.
- MOLÉCULA: “ Parte máis pequena que se pode separar dunha substancia”. 181.
- MONOCLÍNICO: “ Cristal cun só eixe de simetría”. 182, 136.
- MONOCOTILEDÓNEAS: “ Vexetais cun embrión que posúe un só cotiledón”. 182, 141.
- MONOFÁSICO: “ Corrente dunha única fase”. 182, 223.
- MONOMIO: “ Expresión alxebraica dun termo”. 182, 192.
- MOTOR: “ Que produce movemento”. 185.
- NEUROGLIA: “ Conxunto de células provistas de longas prolongacións ramificadas”. 190, 93.
- NEURONA: “ Célula nerviosa”. 190.
- NEUTRÓN: “ Partícula elemental sen carga que forma parte dos núcleos atómicos”. 191.
- NÚCLEO: “ Elemento central do átomo”. 195.
- NÚMERO: “ Expresión dunha cantidade”. 194.
- ONCOXÉNICO: “ Que provoca cancro”. 200, 91.
- ONTOXENIA: “ Formación e desenvolvemento do ser vivo”. 201, 91.
- ÓPTICA: “ Estudio da natureza e propiedades da luz”. 202.
- OROXÉNESE: “ Estudio da formación do relevo”. 204, 91.
- ÓSMOSE: “ Paso recíproco dos líquidos de distintas densidades separados por unha membrana”. 205.
- OSTEOLASTO: “ Célula que reabsorbe a matriz ósea”. 206, 135.
- OVÍPARO: “ Animais que paren ovos inseminados”. 208, 214.

- OZONOSFERA: “ Capa da atmósfera, con gran concentración de ozono”. 196,281.
- PALEONTOLOXÍA: “ Estudio dos restos orgánicos fosilizables”. 210, 201, 163.
- PALEOZOICO: “ Segundo período da historia da terra”. 210, 63.
- PANCA. “ Barra para transmitir forza”. 224.
- PANXEA: “ Continente primixenio”. 211, 90.
- PARÁBOLA: “ Curva aberta con dúas ramas e plana” . 213, 27.
- PARALELEPÍPEDO: “ Sólido limitado por seis paralelogramos, sendo iguais e paralelos cada dous opostos entre si”. 213, 10, 75, 216.
- PARALELOGRAMO: “ Cuadrilátero no que os lados opostos son paralelos entre si”. 213, 10, 98.
- PARÁSITO: “ Que se alimenta a costa doutro”. 213, 274.
- PARTENOXÉNESE. “ Reproducción sen fecundación”. 215, 91.
- PÉNDULO: “ Sólido que oscila libremente polo seu propio peso”. 218.
- PENTANO: “ Hidrocarburo saturado composto de cinco átomos de carbono e doce de hidróxeno”. 219.
- PERICARDIO: “ Saco membranoso que envolve o corazón”. 220, 123.
- PERIÓDICO (SISTEMA): “ Ordenación dos elementos químicos segundo os seus números atómicos”. 220, 107.
- PÍCNICO: “ Constitución humana de pequena estrutura e corpo voluminoso”. 254.
- PILA : “ Xerador de corrente eléctrica continua”. 234.
- PIRÁMIDE: “ Sólido que ten un polígono por base, e os lados son triángulos que se xuntan nun só punto”. 256.
- PIROGRAVADO: “ Arte de gravar cunha punta metálica incandescente”. 255, 99.
- PLINTO: “ Aparello ximnástico para saltos”. 240.
- PNEUMÁTICO: “ Caucho que se aplica ás rodas”. 241.
- POLEA: “ Roda acanalada e móbil, colocada nun eixe”. 242.

- POLIMERIZAR: “ Multiplicar o peso molecular dunha substancia sen cambiar a súa composición”. 244, 173.
- POLÍMETRO: " Aparato para medir varias magnitudes eléctricas". 244, 177.
- POLINOMIO: " Expresión alxebraica de varios termos". 244, 192.
- POLO: “ Calquera dos dous puntos opostos dun corpo”. 243.
- PORCA: “ Peza con cavidade roscada”. 246.
- POTENCIÓMETRO: " Intrumento para medir a potencia”. 247, 177.
- PRECIPITACIÓN: " Separar químicamente un sólido do líquido en que estaba disolto".249, 41.
- PROCARIOTA: " Células sen núcleo verdadeiro". 251, 124.
- PRONACIÓN: “ Rotación de fóra cara a dentro que executa o antebrazo e a man”. 252.
- PROPANO: “ Hidrocarburo saturado, gasoso e inflamable”. 253, 235.
- PROTÓN: " Partícula elemental con carga positiva, que compón o núcleo atómico”. 253.
- PULSADOR:" Chamador ou botón dun timbre eléctrico". 217.
- QUIMIOSÍNTESI: “ Nutrición autótrofa sintetizando materia orgánica”. 133, 288, 299
- RADIAN: " Ángulo no que os arcos, trazados dende o vértice, teñen a mesma lonxitude que os radios respectivos”. 258.
- RADIO: " Elemento químico radioactivo". 258
- RAÍZ: " Cada un dos valores que pode ter a incógnita dunha ecuación." 259.
- RECTÁNGULO: " Paralelogramo con catro ángulos rectos". 261, 15.
- REFLEXIÓN: “ Cambio de dirección ou sentido na propagación dunha onda”. 260, 82.
- RELÉ: " Aparato para producir nun circuito unha modificación". 262.
- RELUCTANCIA: “ Resistencia dun circuito ó fluxo magnético”. 260, 164.
- RODOFÍCEAS: “ Algas vermellas”. 265, 229.
- SAXITAL: “ Que ten forma de frecha”. 266.
- SECANTE: " Razón entre a hipotenusa e o cateto contiguo ó ángulo”. 269.

- SENO: " Razón entre o cateto oposto ó ángulo e a hipotenusa". 273.
- SINCLINAL: " Parte cóncava dun pregue xeolóxico". 288, 136.
- SINECOLOXÍA: " Estudio da ecoloxía dende o punto de vista da comunidade". 288, 197, 163.
- SIRENA: " Bucina". 270.
- SISTEMA: " Conxunto de regras ou principios enlazados entre si". 290.
- SÍSTOLE: " Movemento de contracción do corazón para empuxar o sangue". 288, 283.
- SOLIDIFICACIÓN: " Acción de pasar do estado líquido ó sólido". 277, 79.
- SUBLIMACIÓN:" Paso do estado sólido ó gasoso sen pasar polo líquido, e viceversa". 287, 157.
- SUBSTANCIA: " O que define as cualidades materiais dun corpo, a súa natureza". 287, 282.
- TANXENTE: " Razón entre o cateto oposto e o cateto contiguo ó ángulo". 292.
- TAQUICARDIA: " Excesiva velocidade das contraccións cardíacas". 291, 123.
- TELURÓMETRO: " Instrumento para a medida directa das distancias". 294, 177.
- TEOREMA: " Proposición que afirma unha verdade que se pode demostrar". 297.
- TERATÓXENO: " O que é capaz de alterar o crecemento do feto". 295, 91.
- TERMOSTATO: " Dispositivo para manter constante unha temperatura". 298, 282.
- TESE: " Proposición que se presenta como obxecto de demostración". 299.
- TETRAEDRO: " Poliedro de catro caras triangulares". 296, 104.
- TETRAPODO: " Animais vertebrados de catro membros". 296, 248.
- TIMBRE: " Aparello acústico eléctrico". 310.
- TIPOGRAFÍA: " Procedemento de impresión con formas e moldes". 311, 99.
- TRANSDUCTOR: " Que transforma unha enerxía noutra". 304, 64.

- TRANSVERSAL: “ Que atravesa unha cousa perpendicularmente”. 304, 316.
- TRAPÉCIO: “ Paralelogramo que ten paralelos só dous dos seus lados”. 305.
- TRIÁNGULO: “ De tres lados e ángulos”. 306, 15.
- TRICLÍNICO: “ Cristal con tres eixes de simetría”. 306, 136.
- TRIFÁSICO: “ Sistema de tres correntes alternas iguais”. 306, 223.
- TROMBOSE: “ Obstrucción dun vaso sanguíneo”. 301.
- UROGRAFÍA: “ Exame das vías urinarias”. 207, 99.
- VÁLVULA. “ Peza que abre ou pecha o paso a un fluído”. 314.
- VERTICAL: “ Que é perpendicular ó horizonte”. 317.
- VIVÍPARO: “ Animais nos que o óvulo se desenvolve no interior da nai”. 318, 214.
- XENÉTICA: “ Estudio da herdanza”. 91.
- XENOTIPO: “ Conxunto dos xenes de cada un dos núcleos celulares”. 91, 311.
- XEOMETRÍA: “ Parte das matemáticas que estudia as formas”. 90, 177.
- XEOMORFOLOXÍA: “ Estudio da estrutura e composición da codia terrestre”. 90, 183, 163.
- XIMNASIO: “ Local para a realización de exercicios ximnásticos”. 100.
- ZOONOSE: “ Enfermidade dos animais que ás veces se comunica ás persoas”. 63, 193.
